

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE TRABAJO E INMIGRACIÓN

**4260** *Real decreto 327/2009, do 13 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 1109/2007, do 24 de agosto, polo que se desenvolve a Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción.*

O Real decreto 1109/2007, do 24 de agosto, polo que se desenvolve a Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción, establece as normas necesarias para a aplicación e desenvolvemento da lei en catro aspectos: o Rexistro de Empresas Acreditadas, o libro de subcontratación, as regras de cómputo das porcentaxes de traballadores indefinidos marcados na lei e a simplificación documental das obrigas establecidas para as obras de construción no ordenamento xurídico. O tempo transcorrido desde a entrada en vigor do real decreto puxo en evidencia a necesidade de proceder a unha modificación, simplemente técnica, que ten por obxecto permitir a utilización de sistemas de sinatura electrónica automatizada co fin de axilizar algúns procedementos administrativos relacionados co Rexistro de Empresas Acreditadas, como os relativos á emisión de certificacións.

A modificación realízase, a través dun artigo único, mediante a introdución no Real decreto 1109/2007, do 24 de agosto, dunha nova disposición adicional sétima, relativa á actuación administrativa automatizada, na cal, de conformidade co previsto no artigo 13.3 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, se autoriza a autoridade laboral competente para proceder a utilizar sistemas de sinatura electrónica para a actuación administrativa automatizada nos procedementos que tramite en relación co Rexistro de Empresas Acreditadas.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as organizacións empresariais e sindicais máis representativas e foi oída a Comisión Nacional de Seguranza e Saúde no Traballo.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Traballo e Inmigración, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 13 de marzo de 2009,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 1109/2007, do 24 de agosto, polo que se desenvolve a Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción.*

Introdúcese unha nova disposición adicional sétima no Real decreto 1109/2007, do 24 de agosto, polo que se desenvolve a Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional sétima. *Actuación administrativa automatizada.*

De conformidade co previsto no artigo 13.3 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e a súa normativa de desenvolvemento, a autoridade laboral competente poderá utilizar sistemas de sinatura electrónica para a actuación administrativa automatizada nos procedementos que tramite en relación co Rexistro de Empresas Acreditadas.»

**Disposición derogatoria única.** *Alcance da derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual o inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

**Disposición derradeira primeira.** *Habilitación regulamentaria.*

Autorízase o ministro de Traballo e Inmigración, logo de informe da Comisión Nacional de Seguranza e Saúde no Traballo, para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación do establecido neste real decreto.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 13 de marzo de 2009.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Inmigración,  
CELESTINO CORBACHO CHAVES